

Novos 009 Valores

6º certame de pintura



B A S E S

O Concello de Brión, co fin de contribuír ó fomento das artes plásticas e a promoción dos novos valores da pintura en Galicia, convoca o VI Certame de Pintura Concello de Brión "Novos Valores 2009", co patrocinio da Fundación Feiraco.

Participantes:

Poderán concorrer os/as artistas galegos ou residentes en Galicia, que teñan máis de 14 anos de idade.

Condicións técnicas:

- Cada participante poderá concursar só cunha obra de temática libre e que non fose presentada a outro certame.

- As medidas das obras non serán inferiores a 80 cm nin superiores a 150 cm. en calquera dos seus lados. Deberán vir enmarcadas cun listón que non exceda os 2 cm. de ancho e sobre un único soporte; non se admitirán obras que veñan enmarcadas con cristal.

- Acompañando a obra achegarase a seguinte documentación:

- Formulario de inscrición debidamente cumprimentado, acompañado dunha foto a cor da obra presentada.

- Fotocopia do DNI, ou documentación que acredite como residente ó autor.

- Breve curriculum vitae do autor, onde se inclúa o seu enderezo e número de teléfono.

O comité organizador porá o máximo coidado no trato das obras, pero non se responsabiliza dos danos que accidentalmente puideran ocorrer.

Dotación económica e Premios:

A contía total destinada a premios é de 3.500 €, que se repartirán do seguinte xeito:

Categoría A): de 14 a 17 anos:

1º Premio: 600 €
2º Premio: 400 €

Categoría B): maiores 18 anos:

1º Premio: 1.500 €
2º Premio: 1.000 €

As contías dos premios obxecto desta convocatoria estarán suxeitos ás retencións correspondentes conforme á lexislación tributaria.

Recepción das obras:

O prazo de presentación das obras será dende o 14 de decembro de 2009 ata o 16 de xaneiro de 2010, no seguinte horario:

- luns a venres: 9 a 14 e 16 a 22 h.
- sábados: de 10 a 14 h.

As obras poderán ser entregadas persoalmente ou ben remitilas polo medio de transporte que desexen, sempre baixo seu cargo e responsabilidade, o seguinte enderezo:

Casa da Cultura do Concello de Brión, Carballeira de Santa Minia, nº 5, Pedrouzos – 15865 Brión (A Coruña).

Teléfono: 981-50.99.08

e-mail: casacultura@infobrion.com

Propiedade das obras:

As obras correspondentes ao primeiro e segundo premios, en ambas dúas categorías, pasarán a formar parte do Patrimonio Cultural do Concello de Brión.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, o Concello de Brión incorporará os datos facilitados polos participantes aos ficheiros de datos de carácter persoal desta institución. O Concello de Brión poderá realizar tratamento informatizado, ou non, de todos os referidos datos de carácter persoal, directamente coa seguinte finalidade: (I) Publicar na revista Altamira e nas páxinas web do concello a relación de participantes e premiados neste certame.

Os participantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento, de conformidade co estableci-

do na lexislación vixente, dirixíndose por escrito ao Sr. Alcalde do Concello de Brión, entidade responsable dos ficheiros, no seguinte enderezo: Carballeira de Sta. Minia nº 2, 15865 Brión (A Coruña).

Asimismo, os autores das obras participantes no Certame ceden o dereito de reprodución fotográfica das mesmas ao Concello de Brión, a fin de publicar este evento, comprometéndose este a incorporar, xunto á reprodución, o nome e apelidos do seu autor.

Composición do xurado:

O xurado estará composto por personalidades do mundo da cultura, a crítica e a arte. Os seus nomes daranse a coñecer uns días antes do dictame, reservándose o dereito a declarar algún premio deserto, se o estimase oportuno. O veredicto do xurado será inapelable.

O fallo do xurado e a entrega de pre-

mios terá lugar o 12 de febreiro de 2010 ás 20:30 h. no Espazo das Artes, sito no lugar de Pedrouzos-Brión. As obras premiadas xunto cunha selección de todas as recibidas formarán parte dunha exposición, a celebrar entre ese mesmo día e o 12 de marzo.

Devolución das obras:

As obras non seleccionadas, poderán retirarse durante o mes de marzo na Casa da Cultura, en horarios de oficina. Os autores seleccionados disporán do mes de abril para retirar as súas obras. No caso de non o facer transcorrido o período, non terán dereito a ningunha reclamación e os cadros pasarán a ser propiedade do Concello de Brión.

O feito de participar neste Certame supón a aceptación destas bases.

VI Certame de Pintura Concello de Brión Boletín de inscrición

Novos 09
Valores



Nome:..... Dat. Nacemento:.../.../.....
Enderezo:.....
Cod. Postal:..... Localidade:..... Provincia:.....
Tfno:..... Fax:..... E-Mail:.....
Título da obra:.....
Medidas (en cm.)..... Técnica:.....
Data:.../.../..... Valoración en €:..... Asdo:

Exemplar para o artista

VI Certame de Pintura Concello de Brión Boletín de inscrición

Novos 09
Valores



Nome:..... Dat. Nacemento:.../.../.....
Enderezo:.....
Cod. Postal:..... Localidade:..... Provincia:.....
Tfno:..... Fax:..... E-Mail:.....
Título da obra:.....
Medidas (en cm.)..... Técnica:.....
Data:.../.../..... Valoración en €:..... Asdo:

Exemplar para o concello

Información e inscrición:

Casa da Cultura. Concello de Brión
Carballeira de Sta. Minia, 5
15.865 Brión - A Coruña

Tfno.: 981 50 99 08

Fax: 981 50 99 69

casacultura@infobrion.com

www.concellodebrion.org

